

Premios en Silleda

Adegas Algueira recibiu o primeiro premio na modalidade de iniciativas de produción, transformación e comercialización de produtos con indicativo de calidade concedido no concurso internacional Día do Agricultor 2007, organizado pola Fundación Semana Verde de Galicia, que se celebrou en Silleda do 13 ao 17 de xuño. O acto, celebrado no auditorio do recinto feiral, contou coa presencia da alcaldesa de Sober, Raquel Arias, quen amosou a súa satisfacción con esta nova distinción e destacou que este novo premio para un proxecto de Sober "ven a demostrar o auxe e o bo facer dos veciños deste municipio en xeral e en particular en sectores como a viticultura e o turismo". O mesmo tempo indicou que supón un estímulo para todos os que se adican a estes sectores e para aqueles xóvenes que nestes intres apostan por quedarse neste municipio. Sober destacou tamén no segundo premio desta modalidade xa que foi para "Doces da Puri", unha explotación ubicada en Portugal que produce doces e augardentes que utilizan para a elaboración das súas compotas artesáns dándose a circunstancia de que os pais da propietaria son tamén do concello soberino, en concreto da localidade de Canaval.

